

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXOS.

(Publicada no BOP de 28 de decembro de 1.989; modificación do artigo 5 publicada no BOP de 24 de decembro de 2003)

Artigo 1.- Fundamento e Natureza.

A presente Ordenanza se establece en virtude dos artigos 2, 15 e 55 da Lei 39/88, de 28 de decembro, aténdose ó previsto no artigo 58 da citada Lei.

Artigo 2.- Feito Impoñible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.
2. A tal efecto, considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou de recollida ou vertido que esixa a adopción de especiais medidas de hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.
3. Non está suxeita á Taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:
 - a. Recollida de lixos e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias e outros.
 - b. Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
 - c. Recollida de escombros de obras.

Artigo 3.- Suxeitos Pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.
2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das Sociedades e os Síndicos, Interventores ou Liquidadores de quebras, concursos, Sociedades e Entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota Tributaria.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

Para tal efecto se aplicará o seguinte cadro de tarifas:

Epígrafe 1: Vivendas.

Vivendas en parroquias: 59 €/ano.

Vivendas en núcleo urbano de Negreira: 59 €/ano.

Epígrafe 2: Hostalería.

Cines, salas de festas e discotecas: 504,85 €/ano.

Hoteis e pensións: 72 €/ano.

Restaurantes: 246,12 €/ano.

Cafeterías e pubs: 138,83 €/ano.

Bares e tabernas: 94,66 €/ano.

Epígrafe 3: Establecementos de alimentación.

a) Establecementos de alimentación: 75,73 €/ano.

b) Autoservicios de superficie superior a 120 m² : 946,60 €/ano.

Epígrafe 4: Comercio en xeral.

Perruquerías: 75,73 €/ano.

Farmacias: 75,73 €/ano.

Estancos: 75,73 €/ano.

Moblerías: 157,76 €/ano.

Comercios de roupa, droguerías e similares: 75,73 €/ano.

Epígrafe 5: Despachos profesionais, oficinas, xestorías, asesorías, axencias de viaxes e similares.

Bancos e caixas de aforros: 599,51 €/ano.

Entidades de seguros/Axencias de viaxes: 75,73 €/ano.

Centros de ensinanza privada: 252,42 €/ano.

Despachos profesionais e similares: 75,73 €/ano.

Epígrafe 6: Industrias, fábricas, talleres e similares.

Industrias, talleres mecánicos, téxtiles, de reparacións e similares: 164,07 €/ano.

Concesionarios de vehículos: 157,76 €/ano.

Artigo 6.- Devengo.

1. Devéngase a Taxa e nace a obrigaón de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servico, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando está establecido e en funcionamento o servico municipal de recollida de lixos domiciliarios, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.
2. Establecido e en funcionamento o referido servico, as cotas devengarase o primeiro día do ano natural, salvo que o devengo da Taxa se producise con posterioridade á citada data, caso no que a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

Artigo 7.- Declaración e Ingresos.

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data na que se devengue por primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro trimestre.
2. Cando se coñeza, ben de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data na que se efectuara a declaración.
3. O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula.

Artigo 8.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente Ordenanza Fiscal, con redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinteno de setembro de mil novecentos oitenta e nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.